



**O MARCO JURÍDICO E ECONÓMICO.  
COMENTÁRIOS AO TEXTO  
ARTICULADO**



## XII. O MARCO XURÍDICO E ECONÓMICO. COMENTARIOS AO TEXTO ARTICULADO

### XII.1. LEI DE ORZAMENTOS XERAIS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA PARA O ANO 2023

I

Os Orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2023 como expresión cifrada, conxunta e sistemática da política económica do Goberno, constitúen o elemento esencial para garantir unha axeitada utilización dos recursos públicos, que permitan as familias, sectores e empresas acadar uns niveis de renda, emprego e actividade que contribúan en definitiva a mellorar o nivel de benestar da cidadanía.

Unha vez que parecía superada a pandemia, a invasión de Ucraína por parte de Rusia supuxo a aparición dun novo shock externo que alterou significativamente o contexto xeopolítico e económico. As repercusións da invasión sobre as economías foi global, ocasionando un aumento dos prezos da enerxía, dos alimentos e das materias primas, así como de alteracións nas cadeas de produción de diferentes sectores que limitaron ao mesmo tempo o crecemento do comercio a nivel internacional. Esta nova perturbación tamén afectou negativamente ás perspectivas de crecemento das economías mundiais, aínda cun carácter asimétrico, xa que os efectos en cada país dependen das súas estruturas produtivas, do grao de dependencia dos inputs enerxéticos e da capacidade de implementar políticas de impulso fiscal compensatorias.

No que atinxe á economía galega, a crise sanitaria provocada pola Covid-19 tivo un forte impacto no nivel de actividade no ano 2020, cun retroceso do PIB do 8,9%, fronte a caída do PIB do 11,3% no conxunto do Estado. Os sucesivos picos de incidencia do coronavirus frearon a recuperación económica no 2021. Non obstante no conxunto do ano 2021 o PIB galego creceu un 5,2%, unha décima máis que o español. A achega da demanda interna en termos nacionais foi de 3,2 puntos porcentuais. A progresiva eliminación das restricións motivadas pola pandemia xunto co aforo embalsado polos fogares no ano 2020 favoreceron o incremento do gasto dos fogares, polo que o consumo foi un dos pilares da recuperación. No que respecta a inversión, esta non amosou o dinamismo esperado polos problemas derivados da falla de subministracións en sectores estratéxicos na economía galega, como a automoción, mais non impediron un impulso final do 1,1% no 2021.

Pola súa banda, o sector exterior achegou, no ano 2021, 1,9 puntos porcentuais ao crecemento do PIB, cun incremento das exportacións do 9,9%, superior ao das importacións que foi do 6,5%. Os factores que explican a maior resiliencia da economía galega fronte a crise foron a menor dependencia do turismo, a importancia do sector primario no PIB, a estabilidade nas exportacións e un maior control da pandemia.

Non obstante, as incertidumes xeradas pola guerra en Ucraína, e as que aínda persisten derivadas da pandemia, xunto cunha inflación mais persistente da prevista inicialmente, están a

dificultar a aproximación ao nivel de actividade e emprego prepandemia da economía galega, polo que a política económica debe continuar apoiando a súa consecución.

Tendo en conta a nova situación macroeconómica, a economía galega está a amosar unha axeitada evolución en termos de actividade, emprego e exportacións que contribúen a consolidar e impulsar a recuperación acadada no ano 2021.

De acordo cos últimos datos dispoñibles o PIB crece un 4,1% en termos interanuais, tendo como principais compoñentes o consumo privado e as exportacións. O gasto en consumo final dos fogares segue amosando un comportamento positivo no que vai de ano acadando unha taxa de variación do 2,8%. Do mesmo xeito o crecemento das exportacións galegas foi do 29,4% nos sete primeiros meses do ano, por enriba do crecemento do conxunto nacional que foi do 24,2%. Dende o punto de vista da actividade, o índice de produción industrial (IPI) amosa unha caída do sector do 1,9% en Galicia, motivado fundamentalmente por factores esóxenos. En efecto a produción de enerxía eléctrica caeu no que vai de ano, o que ten a súa causa en que producimos principalmente enerxía hidráulica e eólica e este ano se reduzo fortemente a súa produción por a escaseza de choiva. Por outra a fabricación de vehículos, veuse afectada pola escaseza de microchips, o que determina unha redución da produción en Galicia e tamén en España, pero este comportamento mudou, xa que dende o mes de maio recuperouse o nivel de actividade, e se prevé un bo comportamento no que queda de ano e no próximo.

Existen tamén factores para o optimismo, así a industria manufactura amosa un comportamento positivo, xa que aumenta un 3,9% en Galicia, máis que en España, 2,8%. Por outra a confección, a industria da madeira e o refino de petróleo teñen un mellor comportamento en Galicia que en España. Tamén é de destacar o crecemento da cifra de negocios do sector servizos, que foi do 27 % nos sete primeiros meses de 2022 mentres que a nivel nacional este crecemento foi do 24,4%. Así mesmo o índice de confianza da persoa consumidora rexistra tamén retrocesos menores na nosa comunidade que no conxunto español. Por último no ámbito do emprego obsérvase que a taxa de desemprego en Galicia sitúase no segundo trimestre de 2022 no 11,2%, 1,3 puntos porcentuais inferior á do conxunto nacional, diferencial que se ven mantendo nos últimos anos.

Polo que respecta á política fiscal, tendo en conta o novo contexto xeopolítico e macroeconómico, a Comisión Europea acaba de suspender para o ano 2023 a aplicación das regras fiscais, activando a denominada cláusula xeral de escape, permitindo novamente medidas de impulso fiscal. A maior incertidume e o alto risco de sobreestimación das perspectivas económicas no contexto da guerra en Europa, as subidas sen precedentes dos prezos da enerxía e as continuas perturbacións da cadea de abastecemento xustifican a prórroga da cláusula xeral de salvagarda do Pacto de Estabilidade e Crecemento durante 2023.

Esta suspensión das regras fiscais por parte da CE determinou que o Consejo de Ministros, en data de 26 de xullo, fixase unha taxa de referencia de déficit para ás CCAA no 0,3% do PIB, tres décimas por debaixo da establecida para o ano 2022, que foi do 0,6%. Esta taxa de referen-

cia que condiciona a elaboración dos orzamentos foi informada no Consejo de Política fiscal e financeira celebrado o 27 de xullo de 2022. Do mesmo modo o 22 de setembro o Congreso dos Deputados apreciou que España está sufrindo as consecuencias do estalido da guerra en Europa e dunha crise enerxética sen precedentes, o que supón unha situación de emerxencia extraordinaria, aos efectos previstos nos artigos 135.4 da Constitución e 11.3 da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira posibilitando superar os límites de déficit e débeda pública e a non aplicación da regra de gasto.

En base exposto nun contexto macroeconómico marcado por un crecemento menor do esperado e sometido a grandes incertidumes, dada a situación xeopolítica, e unha inflación mais persistente do esperada, é imprescindible que as políticas públicas da comunidade autónoma para o ano 2023 proporcionen certidume aos axentes económicos e á cidadanía galega, dotando de estabilidade as decisións de consumo, aforro, inversión e produción dos mesmos, e establecendo o marco que debe terse en conta a efectos de canalizar os recursos públicos de modo que contribúan a garantir un crecemento sostido para minimizar os efectos económicos e sociais adversos da nova situación, focalizando nos máis vulnerables as medidas da maior calado. A previsibilidade e a certidume son esenciais para o crecemento económico.

As contas para o ano 2023 plasman a política económica do Goberno Galego, ao servizo da función de estabilización económica, centrándose os esforzos orzamentarios: en garantir a estabilidade de prezos e axudar aos colectivos mais afectados pola inflación crecente; en recuperar o nivel prepandemia de actividade e de emprego na economía galega apoiando as empresas e sectores mais afectados; en promover os investimentos estruturais precisos para contar cun tecido económico máis moderno, produtivo e sustentable, que permitan continuar a senda de crecemento anterior á pandemia co impulso de proxectos transformadores da nosa estrutura económica; en proseguir coa modernización dos servizos públicos fundamentais, sanidade, educación e servizos sociais, que supón o groso do bloque competencial da comunidade autónoma.

Por outro lado, é necesario establecer as bases para deseñar a Galicia do futuro, poñendo no centro o reto demográfico pero tamén outras para garantir o benestar dunha sociedade máis avellentada, impulsando medidas que favorezan o paso cara unha Galicia máis ecolóxica e climáticamente neutra, máis dixital e mellor adaptada aos retos actuais e futuros, con capacidade de axuste para afrontar posibles crises e cuns servizos sanitarios, educativos e sociais reforzados e eficientes. E tamén dando un pulo ao modelo baseado na innovación e o capital humano, que favoreza unha sociedade moderna, competitiva, solidaria e cohesionada social e territorialmente, con altas taxas de emprego.

Neste contexto, máis ca nunca é necesario dispor dunha planificación rigorosa a medio prazo para que os atrancos conxunturais non nos desvíen dos nosos obxectivos estratéxicos. Neste eido, o novo Plan Estratéxico de Galicia 2022-2030 orienta as liñas estratéxicas de investimento e de gasto do orzamento 2023. O novo plan ten por obxectivo xeral deseñar as liñas estratéxicas de actuación que convertan a Galicia nunha rexión máis verde, máis dixital e mellor adaptada aos retos actuais e futuros, que converxe en riqueza coa media española e europea, a partires dun

modelo de crecemento sostible e inclusivo baseado no aumento da produtividade a través da innovación, a internacionalización, o apoio ás transicións ecolóxica e dixital, o fomento da calidade do emprego e do produto, e o aumento do benestar das galegas e dos galegos, en especial o das persoas máis desfavorecidos, para seguir a artellar unha sociedade ben formada, libre e cohesionada. O Plan estratéxico de Galicia 2022-2030 fundamentará a estratexia de crecemento a medio prazo de Galicia arredor de cinco eixes de actuación: a dinamización demográfica e o benestar, a transición ecolóxica, a competitividade, a cohesión social e territorial e a gobernanza.

Unha parte significativa do crecemento económico esperado para este e os seguintes anos depende crucialmente do potencial efecto multiplicador sobre a actividade do uso dos recursos procedentes da UE. En relación aos fondos europeos, o orzamento 2023, será o ano de peche do anterior marco financeiro 14-20 e, ao mesmo tempo, de apertura do novo marco 21-27, e nos que continuarán recolléndose os recursos procedentes do mecanismo Next Generation EU, sendo necesario levar a cabo unha rigorosa selección de proxectos de inversión financiábles con estes recursos, xa que deles dependerá en gran medida a transformación estrutural da economía galega.

O apoio aos sectores produtivos estratéxicos resulta prioritario, en especial á industria, fomentando un tecido produtivo moderno, eficiente, innovador, internacionalizado e sustentable que xere máis empregos e de máis calidade a través da transición verde e dixital. En especial constitúe un reto esencial o fomento dunha economía baixa en carbono baseada en fontes de enerxía máis limpas e menos agresivas co medio ambiente, dando prioridade ás fontes de enerxía renovables. Non hai que esquecer que o problema dos altos prezos da enerxía non pode abordarse de maneira duradeira a través de medidas fiscais compensatorias, como as reducións do IVE e IIEE, senón que requirirá investimentos a medio prazo en eficiencia enerxética e o desenvolvemento de fontes de enerxía locais ambientalmente sustentables. Neste sentido non hai que esquecer as oportunidades que nos amosa o plan REPowerEU, no que se establecen varias medidas para reducir rapidamente a dependencia dos combustibles fósiles rusos e adiantar a transición ecolóxica, aumentando ao mesmo tempo a resiliencia do sistema enerxético a escala da UE.

No ámbito da Administración débese continuar co proceso de modernización dos servizos públicos de forma que se desenvolvan sistemas e procedementos máis eficientes, pero tamén máis sinxelos e amigables coa cidadanía, co gallo de que este perciba unha administración próxima e resolutiva. No marco do Plan Xeral de Mellora da Calidade dos Servizos do Sector Público Autonómico de Galicia, aprobado no 2021, impulsárase a transparencia e a axilización dos procedementos administrativos, a través de melloras tecnolóxicas nos eidos da participación cidadá na elaboración de normas e plans, de atención á cidadanía e no marco da contratación pública

Para o desempeño destes retos a administración autonómica contará cunha cifra extraordinaria de recursos, a máis alta na historia da autonomía. Os orzamentos para o ano 2023 poñen a disposición da política económica deste Goberno 12.620 millóns de euros. Este volume de recursos de que dispoñerá a Facenda Galega permitirá implementar as medidas de estabilización

económica tendentes a mellorar o benestar da cidadanía, en especial ás persoas máis vulnerables, así como apoiar as empresas e sectores máis afectados pola nova perturbación, e incrementando ao mesmo tempo a dotación de recursos para a prestación dos servizos sanitarios, educativos e sociais garantindo a protección e o benestar das familias.

Na nosa comunidade, o 1 de agosto deste ano, aprobouse o Acordo polo que se fixa o límite máximo de gasto non financeiro da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022, ao cal se refire o artigo 12 da Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira, modificado polo artigo 92 da Lei 12/2014, do 22 de decembro, de medidas fiscais e administrativas. Este acordo establece o límite do gasto para a lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia en 12.599 millóns de euros. Este límite de gasto modifícase á alza pola inclusión de novos fondos do MRR asignados nos últimos meses por importe de 21 millóns adicionais aos previstos no límite de gasto. O que deixa o límite de gasto non financeiro en 12.620 millóns de euros, 21 millóns de euros adicionais ao gasto non financeiro contido nos orzamentos consolidados de 2021.

Esta evolución tan positiva dos recursos débese fundamentalmente ao crecemento das achegas procedentes do sistema de financiamento. O sistema de financiamento autonómico amosa novamente unha evolución positiva derivada tanto do crecemento das entregas a conta, que medran nun 8,8%, pero sobre todo da importante liquidación positiva correspondente ao exercicio 2021, que se cifra en 698 millóns de euros, polo que a contribución en conxunto dos recursos proporcionados polo sistema medra un 23,3%, achegando máis de 9.402 millóns de euros, o que supón 1.774 millóns máis que no 2022.

No obstante, se consideramos a compensación da liquidación negativa correspondente ao ano 2020 por 368 millóns de euros, a evolución dos recursos do sistema determinan que para o ano 2023 a achega efectuada dende os PGE medra un 17,6 %. Ademais nos orzamentos do ano 2022 incluíuse a cantidade correspondente ao pago da sentenza sobre a retención indebida dunha mensuralidade do IVE, na liquidación de 2017, estimada en 211 millóns de euros. Deste xeito incluíndo ambos importes a achega para o ano 2023 medra un 14,6 %.

No que se refire aos fondos finalistas europeos, as contas para o ano 2023 recollen o importante paquete de apoio financeiro aprobado pola Comisión Europea que contribuirá a afianzar as políticas de gasto encamiñadas a reformas e modernización do noso tecido económico, financiando actuacións transformadoras que o preparen ao novo paradigma de crecemento económico máis sostible e dixital, do que dependerá en gran medida a taxa de crecemento potencial da economía galega. O apoio aos sectores produtivos estratéxicos resulta prioritario, en especial á industria, fomentando un tecido produtivo moderno, eficiente, innovador, internacionalizado e sustentable que xere máis empregos e de máis calidade a través da transición verde e dixital.

Polo miúdo, os fondos Next Generation EU as contas autonómicas recollen 527 millóns de euros da parte que xestionará a comunidade autónoma dos recursos vinculados ao Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (Regulamento (UE) 2021/241) co gallo de facer fronte aos efectos

sen precedentes da crise da COVID-19. O obxectivo específico do MRR é proporcionar axuda financeira con miras a acadar os fitos e obxectivos das reformas e investimentos establecidos no plan nacional de recuperación e resiliencia. Por outra banda, no ano 2023 dentro dos fondos europeos órzanse os recursos correspondentes ao instrumento REACT-EU (Axuda á Recuperación para a Cohesión e os Territorios de Europa) que son unha iniciativa que prosegue e amplía as medidas de resposta á crise e de reparación da mesma. A programación total destes recursos ascende a 440,8 millóns de euros. No ano 2023 recóllense 179 millóns de euros cantidade precisa para rematar a execución destes fondos.

En canto ao resto dos fondos europeos integrados polo FEDER, o FSE, o FEADER, o FEA-GA, o FEMP, o Fondo de Transición Xusta, e os programas de Cooperación Territorial, e sen ter en conta os fondos REACT-EU que están presupostados en FEDER e FSE 14-20, a presupostación destes recursos ascende a 676,7 millóns de euros, o que supón un incremento do 19,1% con respecto as contas para o ano 2022. É de salientar, a orzamentación do Fondo de Transición Xusta destinado a apoiar ás rexións máis afectadas pola transición cara á neutralidade climática, por un importe de 32 millóns de euros. Así mesmo, con respecto as contas para o ano 2022, o FEDER experimenta un crecemento dun 28,6%, con 51,4 millóns de euros máis, e o FSE que medra nun 84%, con 30,6 millóns de euros máis, motivado pola inclusión da programación do anterior marco 14-20 e a primeira orzamentación dos recursos do marco 21-27.

Por último como en exercicios anteriores, os presupostos recollerán unha visión transversal das políticas de gasto con perspectiva de xénero, de infancia e en termos de obxectivos ODS.

## II

Na parte dispositiva, a lei estrutúrase en seis títulos, dezasete disposicións adicionais, tres disposicións transitorias e tres disposicións derradeiras.

A parte esencial da Lei de orzamentos recóllese no título I, relativo á aprobación dos orzamentos e ao réxime das modificacións de crédito, por canto no seu capítulo I, baixo a rúbrica «Aprobación dos créditos e do seu financiamento», se aproban os ingresos e gastos que compoñen os orzamentos da Comunidade Autónoma, integrados polos da Administración xeral, os dos organismos autónomos, os correspondentes ás entidades públicas instrumentais de asesoramento e consulta –que, para os efectos orzamentarios, teñen a consideración de organismos autónomos–, os das axencias públicas autonómicas, os das entidades públicas empresariais, os dos consorcios autonómicos, os das sociedades mercantís e os das fundacións.

Neste capítulo I defínese o ámbito dos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia tendo en conta a tipoloxía das entidades públicas instrumentais do sector público autonómico previstas na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Dentro deste capítulo detállanse os beneficios fiscais que afectan os tributos cedidos total ou parcialmente polo Estado e sinálase así mesmo o importe das subvencións reguladoras con-



sideradas na normativa de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia. Finalmente, dentro dos artigos especificamente destinados aos orzamentos das entidades instrumentais, autorízanse as dotacións iniciais das subvencións de explotación e de capital ás entidades públicas empresariais e ás sociedades mercantís.

O capítulo II deste título, «Das modificacións orzamentarias», regula os principios e as competencias específicas en materia de modificacións orzamentarias, as regras de vinculación que afectan os créditos orzamentarios, a determinación dos que teñen natureza de créditos ampliables, entre os que se inclúen os créditos que financien a gratuidade na educación infantil de 0 a 3 anos e as limitacións aplicables ás transferencias de créditos.

O título II, relativo aos «Gastos de persoal», estrutúrase en catro capítulos.

O capítulo I, dedicado aos gastos do persoal ao servizo do sector público, establece a evolución da masa salarial en función do que regule a normativa básica do Estado na materia, recollendo as previsións que figuran no proxecto de lei de orzamentos xerais do Estado.

Así mesmo, recolle que para o ano 2023 só se poderá proceder, no sector público, á incorporación de novo persoal con suxeición aos límites e aos requisitos establecidos na normativa básica estatal. No resto do capítulo regúlase a contratación de persoal laboral temporal, de persoal funcionario interino e de persoal vinculado ás encomendas de xestión ou ás encargas a medio propio.

O capítulo II, baixo a rúbrica «Dos réximes retributivos», establece que as retribucións dos altos cargos e outro persoal directivo, así como as das persoas titulares das delegacións da Xunta de Galicia no exterior, do persoal funcionario, do persoal laboral, do persoal ao servizo das institucións sanitarias e do persoal dos corpos de funcionarios ao servizo da Administración de xustiza experimentarán un incremento do 2,5 por cento en relación coas vixentes o 31 de decembro do 2022. Así como a posible aplicación dos incrementos adicionais previstos no proxecto de lei de orzamentos xerais do Estado. Tal e como se establece na disposición adicional oitava, estes incrementos serán aplicables no momento en que o habilite a normativa da Administración xeral do Estado.

O capítulo III, dedicado a «Outras disposicións en materia de réxime de persoal activo», recolle que para o ano 2023 as relacións de postos de traballo deberán modificarse para as axustar ás previsións orzamentarias que se deduzan do anexo de persoal, sen que se poidan prover aqueles postos para os cales non estea prevista dotación, e máis que no anexo de persoal non poderán existir códigos de liñas orzamentarias que non amparen créditos para dotacións de postos de traballo, substitucións de persoal temporal ou para conceptos retributivos.

O resto do capítulo regula os requisitos para a determinación ou a modificación das retribucións do persoal laboral e non funcionario, o persoal directivo das entidades instrumentais do sector público da Comunidade Autónoma, o nomeamento do profesorado interino a tempo

parcial en centros docentes non universitarios, os profesores e as profesoras de corpos docentes e o persoal eventual e de gabinete.

O capítulo IV, dedicado ás «Universidades», fixa o límite máximo dos custos de persoal das tres universidades galegas, as retribucións adicionais do persoal ao seu servizo e a obriga de comunicación mensual da provisión de persoal laboral temporal para cubrir necesidades docentes urxentes e inaprazables. Así mesmo, establécese que as universidades poderán aplicar a taxa de reposición prevista na normativa básica estatal, con respecto ás dispoñibilidades orzamentarias dotadas no capítulo I.

O título III, «Operacións de endebedamento e garantía», estrutúrase en dous capítulos, relativos ás operacións de crédito e ao afianzamento por aval.

No primeiro destes capítulos establécese que para o ano 2023 a posición neta debedora da Comunidade Autónoma poderá incrementarse na contía máxima do 0,3 por cento do PIB rexional. Tamén se regulan neste capítulo as operacións de débeda de tesouraría, a formalización doutras operacións financeiras e o endebedamento das entidades instrumentais do sector público. No tocante ao endebedamento das entidades instrumentais do sector público, a única excepción refírese ao Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS), no que se recolle a posibilidade, para os préstamos directos, de que se poidan formalizar entre as entidades financeiras e os adxudicatarios ou as adxudicatarias que, estando en réxime de alugamento, decidan adquirir as vivendas que foron cedidas en uso ao IGVS e para as execucións de hipotecas de vivendas de promoción pública da adxudicación ou cesión de remate delas a prol do IGVS.

No capítulo II, relativo ao «Afianzamento por aval», en canto ao apoio financeiro aos proxectos empresariais, mantense para o 2023 a contía máxima dos avais que pode conceder o Instituto Galego de Promoción Económica, cun importe que non supere o saldo efectivo vixente de cincocentos millóns de euros. Así mesmo, incorpórase a autorización relativa á concesión de avais para a articulación dos instrumentos financeiros incluídos no Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2022, cofinanciados polo Fondo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader). Tamén recóllese a autorización o Instituto Galego de Vivenda e Solo para a concesión de avais por importe máximo de cinco millóns de euros, con destino á compra da primeira vivenda por menores de trinta e cinco anos e cun límite máximo do vinte por cento do prezo de compravenda.

No título IV, «Xestión orzamentaria», mantéñense os preceptos relativos á intervención limitada, á fiscalización das operacións de endebedamento da Comunidade Autónoma, á fiscalización dos nomeamentos ou dos contratos de substitución do persoal, á identificación dos proxectos de investimento, á autorización do Consello da Xunta para a tramitación de determinados expedientes de gasto, á regulación das transferencias de financiamento, ás subvencións nominativas, á concesión directa de axudas e subvencións, á simplificación da acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Seguridade Social e de non ter pendentes de pagamento débedas coa Administración pública da Comunidade Autónoma para determinados supostos,

ao pagamento mensual de axudas e subvencións que se conceden a persoas físicas para financiar estudos de investigación, ao informe preceptivo e vinculante da Consellería de Facenda e Administración Pública, que, sen prexuízo da análise de risco que realice o xestor, determina os efectos sobre o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria nos préstamos concedidos con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma, e máis aos expedientes de dotación artística e ao módulo económico de distribución de fondos públicos para o sostemento de centros concertados. Neste establécese a posibilidade da aceptación por parte da Administración autonómica de pagamentos á conta para as retribucións do persoal docente do colectivo de empresas do ensino privado, desde o 1 de xaneiro ata o momento en que se asinen as táboas salariais para o ano 2023.

O título V, dedicado ás «Corporacións locais», estrutúrase en dous capítulos.

O primeiro deles, dedicado ao financiamento e á cooperación con estas entidades, detalla as transferencias que lles corresponden como consecuencia de convenios e subvencións, así como a participación dos concellos nos tributos da Comunidade Autónoma a través do Fondo de Cooperación Local. En relación con este fondo, a lei fixa unha porcentaxe homoxeneizada de participación, e desagrégase esta en fondo base, para recoller a mesma contía que se establece no ano 2011, e en fondo adicional, para recoller o incremento debido á maior recadación dos capítulos I, II e III da Administración xeral desde aquel ano ata o 2022. Establécese o sistema de distribución entre a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) e os concellos para o fondo base, de maneira que estes recibirán segundo o coeficiente de repartición que lles correspondeu no ano 2011.

Non obstante, no ano 2023, as entregas á conta do fondo adicional increméntanse notablemente respecto do establecido no orzamento do ano 2022, como consecuencia do incremento dos capítulos I, II e III dos ingresos da Administración xeral no orzamento do ano 2023 respecto do inicial do ano pasado. O fondo adicional repartirase no ano 2023 conforme o acordo da Subcomisión Permanente do Réxime Económico e Financeiro da Comisión Galega de Cooperación Local. Entre os criterios aprobados para a repartición destacan os concellos con institucións penitenciarias no seu termo municipal, os concellos de menos de cincuenta mil habitantes que teñen que asumir os gastos de funcionamento dos centros de saúde da súa titularidade, as prazas en conservatorios municipais de grao medio, os concellos resultantes dun proceso de fusión en cumprimento do sinalado na Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración local de Galicia, os concellos que teñen que asumir o financiamento dos servizos de emerxencia de carácter supramunicipal, os concellos que impulsen proxectos técnicos de creación e desenvolvemento de comunidades enerxéticas, e por último para os concellos de menos de quince mil habitantes que realicen actuacións nos tres ámbitos seguintes, a mellora da eficiencia enerxética das infraestruturas municipais, en adquisición de maquinaria e equipamentos e por último en investimentos en modernización e mellora das redes de abastecementos municipais.

O capítulo II deste título regula o procedemento de compensación e retención de débedas dos concellos contra os créditos que lles corresponden pola súa participación no Fondo de Cooperación Local de maneira similar ao exercicio 2022.

No título VI, relativo ás «Normas tributarias», inclúese un único precepto para establecer os criterios de afectación do imposto sobre o dano ambiental causado por determinados usos e aproveitamentos da auga encorada e o canon eólico.

O contido desta Lei de orzamentos complétase coas disposicións adicionais, transitorias e derradeiras referidas, nas cales se recollen uns preceptos de índole moi variada.

As disposicións adicionais regulan, entre outras materias, a información ao Parlamento; a autorización de orzamentos en entidades instrumentais de nova creación; as normas para a remisión de información económico-financeira e o control desta, coa finalidade de recoller as obrigas en relación co inventario das entidades dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia e, doutra banda, para adaptar as normas sobre a competencia da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia á normativa vixente, en relación coas axencias e cos consorcios adscritos á Comunidade Autónoma que deben auditar as súas contas anuais; a venda de solo empresarial por parte do Instituto Galego da Vivenda e Solo; as retribucións dos consellos de administración; as prestacións extraordinarias para as persoas beneficiarias de pensións e subsidios non contributivos, e, no relativo aos gastos de persoal, a autorización para a modificación dos cadros de persoal do Servizo Galego de Saúde, as medidas en relación co V Convenio colectivo único para o persoal laboral, e no caso dos centros concertados recóllense os módulos económicos. Tamén se regula a contía das axudas directas destinadas a paliar a pobreza enerxética en consumidores vulnerables severos en risco de exclusión social.

Regúlase ademais o dereito a percibir unha axuda económica de mil douscentos euros, a razón de cen euros mensuais, a través da Tarxeta Benvida para todas as familias que teñan unha filla ou un fillo ou adopten un neno ou unha nena menor dun ano no 2023. Adicionalmente, para aquelas familias con renda igual ou inferior a vinte e dous mil euros a axuda ampliarase no segundo ano de vida e ata que a nena ou o neno cumpra tres anos, ou ata que se cumpran tres anos do ditado da correspondente resolución para os supostos de adopción ou garda con fins adoptivos. A contía das axudas para as familias con estas rendas será de seiscentos euros por ano, a razón de cincuenta euros por mes, se o fillo ou a filla que dá dereito á axuda é o primeiro; de mil douscentos euros por ano, a razón de cen euros por mes, se a filla ou o fillo que dá dereito á axuda é o segundo, e de dous mil catrocentos euros por ano, a razón de douscentos euros por mes, se o fillo ou a filla que dá dereito á axuda é o terceiro ou sucesivos. Para as familias que residan no rural e para as que teñan a terceira filla ou o terceiro fillo e sucesivos, a axuda incrementarase nas condicións que estableza a Consellería de Política Social e Xuventude.

A última das disposicións adicionais establece un mecanismo para axilizar a xestión orzamentaria ao habilitar a Consellería de Facenda e Administración Pública para efectuar determinadas modificacións orzamentarias.

As disposicións transitorias regulan a adecuación das entidades públicas instrumentais, a dotación gradual do Fondo de Continxencia de Execución Orzamentaria que xa se prevía na Lei de orzamentos do ano 2022 e o mantemento do mecanismo de garantía de investimentos públicos.

As tres últimas disposicións derradeiras regulan o desenvolvemento, a vixencia e a entrada en vigor da lei.

## XII.2. MEDIDAS FISCAIS E ADMINISTRATIVAS DE ACOMPAÑAMENTO PREVISTAS PARA A SÚA ENTRADA EN VIGOR NO ANO 2023

### I

Os orzamentos requiren para a súa completa aplicación a adopción de diferentes medidas, unhas de carácter puramente executivo e outras de carácter normativo, que, pola súa natureza, deben adoptar rango de lei e que, como precisou o Tribunal Constitucional, non deben integrarse nas leis anuais de orzamentos xerais senón en leis específicas. O debate doutrinal acerca da natureza das chamadas leis de acompañamento foi resolto polo Tribunal Constitucional, que configurou este tipo de normas como leis ordinarias cuxo contido está plenamente amparado pola liberdade de configuración normativa de que goza o lexislador e que permiten unha mellor e máis eficaz execución do programa do Goberno nos distintos ámbitos en que desenvolve a súa acción. Desde esta perspectiva, tendo presente a actividade que desenvolve a Comunidade Autónoma de Galicia, cuxos obxectivos se expoñen na Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2023, e co obxecto de contribuír a unha maior eficacia e eficiencia destes, esta lei contén un conxunto de medidas referidas a diferentes áreas de actividade que, con vocación de permanencia no tempo, contribúan á consecución de determinados obxectivos de orientación plurianual perseguidos pola comunidade autónoma a través da execución orzamentaria. Este é o fin dunha norma cuxo contido esencial o constitúen as medidas de natureza tributaria, aínda que se incorporan outras de carácter e organización administrativos.

### II

A estrutura desta lei divídese en dous títulos: o primeiro dedicado ás medidas fiscais e o segundo, ás de carácter administrativo.

O título I, relativo ás medidas fiscais, está dividido en dous capítulos.

O capítulo I introduce medidas en materia de tributos cedidos. Así, no referido ao imposto sobre a renda das persoas físicas, acométense determinadas reformas fiscais co obxectivo de seguir reducindo e redistribuíndo a carga tributaria.

Considerando que un dos problemas producidos e que persisten na complexa situación económica actual é o dunha elevada inflación provocada polo encarecemento da enerxía, dos

alimentos e doutros produtos que reduce o poder adquisitivo das galegas e dos galegos, faise necesario introducir determinadas reformas fiscais no IRPF, facendo uso das competencias normativas autonómicas que contribúan a paliar eses efectos sobre a cidadanía galega e a combater a escalada de prezos, aliviando deste xeito a carga fiscal que soportan as familias. Así, na senda iniciada pola Xunta de Galicia en 2014 e continuada en 2016 e 2022, adóptanse unha serie de medidas, con efectos desde o 1 de xaneiro do 2022, rebaixando de novo o tipo aplicable ao tramo da tarifa máis baixo do IRPF, que pasa do 9,4 % ao 9 %, co obxectivo de beneficiar novamente as rendas máis baixas, nas que se sitúan o 44 % das persoas declarantes. Coa mesma finalidade, tendo en conta que o incremento reflectido na Enquisa trimestral de custo laboral elaborada polo INE para o segundo trimestre de 2022 é dun 4,3 % respecto de 2021, actualízase nesa porcentaxe a tarifa aplicable aos tres primeiros tramos da escala autonómica, onde se atopan o 88 % dos declarantes, e, ademais, resulta necesario actualizar os mínimos persoal e familiar, dado que diminúen a cota, incrementándoos na mesma porcentaxe do 4,3 %.

O obxectivo que se pretende lograr con estas medidas é o de corrixir a denominada “progresividade en frío”, evitando o impacto que, para os perceptores de rendas, na súa maior parte procedentes do traballo, supoñen os aumentos salariais que teñen por finalidade compensar os incrementos do IPC, tratando de evitar que vexan incrementados os seus impostos cando non dispoñen de maior renda nin dunha maior capacidade económica e de que, dada a progresividade do imposto, os contribuíntes tributen en tramos superiores da tarifa.

Un eixe fundamental da Xunta de Galicia é o reto demográfico para o cal, no marco das medidas fiscais de apoio á familia, núcleo fundamental da sociedade, se establece para 2023 unha nova dedución, no imposto sobre a renda das persoas físicas, de 250 euros para os contribuíntes con dous fillos, que se equipara así ao das familias numerosas co mesmo número de fillos ou fillas, e, por outra banda, incrementábase a actual dedución aplicable ás familias numerosas, de xeito que a partir da terceira filla ou fillo a dedución aumenta en 250 € por cada filla ou fillo.

En relación co imposto sobre o patrimonio, continuando coa senda iniciada no ano 2022, modifícase a bonificación do imposto, pasando dun 25 % a un 50 % da cota, co obxectivo de adaptarnos de xeito progresivo ao noso contorno da UE, de incentivar o mantemento do patrimonio, de non penalizar o aforro e de favorecer os investimentos estratéxicos en Galicia.

No que se refire ao Imposto sobre Sucesións e Doazóns, nestes momentos de incerteza económica con períodos de alta inflación e as consecuentes subas de tipos de xuros, as empresas necesitan destinar recursos propios para acometer novos investimentos e non depender excesivamente do financiamento alleo. Para iso modifícase, en ámbalas dúas modalidades do imposto, a redución pola adquisición de bens e dereitos afectos a unha actividade económica e de participacións en entidades e ábrese a posibilidade a que determinados activos de tipo financeiro poidan considerarse afectos para non penalizar a retención que fagan as empresas do seu beneficio co fin de acometer no futuro novos investimentos.

Por outro lado, tendo en conta a situación pandémica vivida, que incidiu directamente no sector do xogo de xeito importante e provocou o peche dalgúns locais nos que se desenvolve o xogo, que non reverteron, e co obxecto de que a actividade se poida recuperar paulatinamente mantendo o emprego, acométese unha redución do tipo de gravame, pasando do 50% ao 30%, asociado ao mantemento do cadro medio de persoal durante todo o período impositivo co respecto ao inmediato anterior.

O capítulo II, relativo aos tributos propios, só está integrado por un precepto, sobre as taxas, no que, por unha banda, establécese que os tipos das taxas de contía fixa non experimentarán ningunha actualización respecto ás contías exixibles no momento da entrada en vigor desta lei e, por outra banda, se introducen diversas modificacións na Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, consistentes tanto na creación de novas taxas como na modificación dalgunhas vixentes.

Pola súa banda, o título II divídese en trece capítulos.

O capítulo I aborda diversas medidas en materia de emprego público. Por un lado, modifícase a Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, en diversos preceptos, que responden á necesidade de adaptar a lei ás modificacións producidas no Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público e na Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público. Así mesmo, aprovéitase tamén para adaptar a normativa autonómica ás modificacións incorporadas no Estatuto básico do empregado público pola Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantías dos dereitos dixitais, pola Lei orgánica 10/2022, do 6 de setembro, de garantía integral da liberdade sexual e polas últimas leis de orzamentos xerais do Estado. E tamén se corrixen determinados erros na redacción dalgúns artigos para evitar confusións.

Por outra banda, na regulación do persoal funcionario interino contéplase por primeira vez a regulación dun período de proba para o primeiro nomeamento deste persoal, cuns prazos similares aos establecidos tamén para o persoal laboral da Xunta de Galicia así coma as consecuencias no caso de súa non superación. E engádese unha nova disposición adicional na Lei de Emprego público de Galicia contemplando unha modalidade específica de promoción do persoal laboral.

Así mesmo, en materia de escalas e especialidades, crease a escala de técnicos especialistas en patoloxía forense do IMELGA, cun nivel formativo de Técnico Superior en Anatomía Patolóxica e Citodiagnóstico axeitado para as tarefas que deben realizar. Esta escala permitirá substituír paulatinamente os postos actuais de auxiliares de autopsias, do grupo IV, categoría 39 de persoal laboral, para os que non se exige formación específica.

Tamén se modifican determinadas funcións para a escala de persoal de servizos xerais (PSX), co fin de completar a redacción do precepto, atendendo ao funcionamento cotián dos servizos

de cociña e comedor, e para a escala de persoal xerocultor, xa que a situación das persoas usuarias que precisan da asistencia deste persoal non só é debida a situacións de discapacidade, senón tamén á súa situación de dependencia ou ao risco de padecela. Por último, recóllese a supresión da escala de protocolo e relacións institucionais, posto que as súas funcións non teñen un contido técnico e particularizado que faga necesario o seu mantemento. Deste xeito, as súas atribucións pódense entender encadradas nas de planificación atribuídas ao corpo superior ao que pertence a escala. Ademais, cómpre ter presente que a escala de protocolo e relacións institucionais non exige unha titulación específica para o seu desempeño, o que pon de manifesto que non resulta necesaria a creación dunha escala específica dentro do corpo superior.

O capítulo II refírese a medio ambiente e territorio. Nesta materia regúlase, coa finalidade de acadar unha maior seguridade xurídica, o prazo para impoñer a obriga de restitución das cousas e a reposición ao seu estado anterior no caso de obras e actuacións contrarias ao disposto na lexislación aplicable en materia de costas, realizadas na zona de servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre. Tamén se establece o réxime aplicable ás ditas obras e actuacións unha vez transcorrido o referido prazo sen que se impuxese a dita obriga.

Así mesmo, acométese a modificación de distintas normas: así, modifícase a Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia, co obxectivo de que a regulación contida nela e na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, na redacción pola presente lei, sexan coherentes no tocante á substitución da licenza de primeira ocupación polo réxime de comunicación previa. Tamén se modifica a duración do réxime de protección das vivendas protexidas de promoción pública, que se amplía a cincuenta anos dende a data da súa cualificación definitiva coa finalidade de garantir que estas vivendas se destinen efectivamente ás persoas que realmente as necesitan, pasando dos trinta anos actuais aos cincuenta.

Modifícase a Lei 13/2013, do 23 de decembro, de caza de Galicia, para eliminar a obriga imposta con carácter xeral de que os axexos se practiquen coa axuda dun garda ou guía, manténdose a mesma unicamente para os parques naturais integrados na Rede de Parques Naturais de Galicia, nos terreos cinexéticos en réxime común e para os terreos cinexéticos en réxime especial nos que a titularidade cinexética corresponda á Comunidade Autónoma.

Acométese así mesmo, a modificación do Decreto 37/2014, do 27 de marzo, polo que se declaran zonas especiais de conservación os lugares de importancia comunitaria de Galicia e se aproba o Plan director Rede Natura 2000 de Galicia, que resulta da máxima urxencia, sendo necesario dispor marco legal que permita adoptar medidas de conservación activa dos hábitats e medidas de xestión, preventivas e estruturais fronte aos incendios forestais e para a defensa fronte a catástrofes en toda a superficie da Rede Natura. Na medida en que todos os indicadores de biodiversidade están aconsellando acelerar a transición ata uns agrosistemas sostibles e resilientes, a adopción de medidas de protección fronte ás catástrofes naturais extremas e os cambios climáticos resulta imperiosa para garantir a longo prazo o noso benestar e constitúen a base da nosa resiliencia.



Modifícase a Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, coa finalidade de clarear determinadas dúbidas suscitadas con motivo da súa aplicación, recolléndose expresamente a inclusión das obras de ampliación do volume de edificacións existentes entre os supostos que determinan o deber de cesión gratuita de terreos previsto nos citados preceptos para o solo urbano consolidado e de núcleo rural. Coa finalidade de protexer o recurso hídrico, establécese que, para edificar no ámbito dos núcleos rurais, so será e esixible executar a conexión das redes de abastecemento de auga e saneamento coas redes existentes no núcleo ou nas súas proximidades, cando existan redes públicas autorizadas e con capacidade de servizo suficiente, aclarando a continuación que de non esixirse a conexión coas redes de servizo, deberán resolverse as mesmas priorizándose nas de abastecemento a conexión a unha comunidade de usuarios legalmente constituída e con capacidade de servizo suficiente ou por medios individuais con cargo ao promotor ou promotora da edificación. Con esta modificación trátase de evitar o paradoxo que se producía nalgúns supostos nos que, para poder edificar no solo de núcleo rural, executábase a conexión a unha rede sen autorizar ou de capacidade insuficiente. Por outra banda, incídese na condición de manter o estado natural dos terreos no solo rústico, que virá referida, cando menos, á metade da superficie non ocupada da parcela ou a excepcional a dita proporción no caso de determinadas infraestruturas e instalacións, previstas no artigo 35.m), así como nos establecementos de acuicultura, ao tempo que se aclara que as solucións alternativas que, de ser o caso, se adopten, deben impedir o selado do solo. Co fin de reforzar a seguridade xurídica e dotar de maior estabilidade o tráfico inmobiliario, clarifícanse as obras que se poden levar a cabo nas edificacións existentes no solo rústico que non sexan plenamente compatibles coas determinacións previstas para este tipo de solo na normativa urbanística, pero que non estean incursas na situación de fóra de ordenación, así como aquelas para as que transcorreran os prazos para a adopción de medidas de restauración da legalidade urbanística. Ademais, dada a amplitude dos prazos de resolución das licenzas de primeira ocupación, particularmente nos concellos que teñen que tramitar un elevado número de solicitudes, óptase por dar un paso máis na senda da simplificación administrativa iniciada hai anos pola administración autonómica galega, substituíndo o réxime de licenza urbanística polo de comunicación previa para a primeira ocupación dos edificios. Tamén se estende ao solo de uso residencial o réxime das solicitudes de licenza e comunicacións urbanísticas presentadas con certificación de conformidade emitida por unha entidade de certificación de conformidade municipal, o que determina que os informes xurídicos e técnicos municipais pasen a ser facultativos e permitirá reducir a un mes o prazo de resolución da licenza, fronte aos tres que rexían ata o momento.

Modifícase a Lei 4/2017, do 3 de outubro, de protección e benestar dos animais de compañía de Galicia, coa finalidade de regular a obriga dos responsables da retirada dos cadáveres dos animais domésticos na vía pública de comprobar a identificación dos mesmos e notificar a morte do animal aos seus propietarios coa finalidade de que estes poidan comunicar as mortes dos referidos animais ao Rexistro Galego de Identificación de Animais de Compañía.

Modifícase a Lei 5/2019, do 2 de agosto, do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia, coa finalidade de clarear os supostos nos que procede a avaliación de repercusións dos plans, programas ou proxectos que, sen ter relación directa coa xestión do lugar ou sen ser

necesario para esta, poidan afectar de forma apreciable as especies ou os hábitats dos espazos protexidos Rede Natura 2000 competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, xa sexa individualmente ou en combinación con outros plans, programas ou proxectos, de conformidade co establecido no artigo 46.4 da Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade e do artigo 6.3 da Directiva 92/43/CEE. Tamén se configuran como medidas de xestión dun espazo protexido rede Natura 2000, as redes de faixas de xestión da biomasa, xa que resultan necesarias para a protección e conservación dos valores naturais polos que o espazo foi protexido e se axustan as regras relativas á construción de peches e cercados ás necesidades reais de conservación atendendo a tipoloxía e magnitude das intervencións.

Modifícase a Lei 6/2021, do 17 de febreiro, de residuos e solos contaminados de Galicia, co obxecto de clarear que o informe preliminar de situación establecido no artigo 55.3 debe presentarse con carácter presente previo ao inicio da actividade. Tamén se precisan as normas a ter en conta aos efectos de acreditación das entidades que realicen o deseño e implantación dos plans de vixilancia e control do solo e das augas subterráneas asociadas, as investigacións analíticas, tanto exploratorias como detalladas, e as valoracións de riscos, así como o deseño, execución, control e seguimento da recuperación así como dos laboratorios para a realización das analíticas previstas no artigo 60.5 da citada lei.

Modifícase a Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia. Por unha banda, como medida de simplificación e de mellora da calidade dos procedementos de avaliación ambiental, regúlase que os documentos de alcance dos estudos de avaliación ambiental dos proxectos sometidos á avaliación de impacto ambiental (e que son os pronunciamentos do órgano ambiental sobre o contido, amplitude, nivel de detalle e grado de especificación que deben ter tales estudos), deixan de emitirse cando o solicite postestativamente un promotor, e pasan a ser documentos de referencia que se establecen de oficio polo órgano ambiental segundo as distintas clases de proxectos sometidos a impacto ambiental. Deste modo e sobre a base dos documentos de alcance xa elaborados e sobre a base das avaliacións ambientais que xa se emitiron, establécese un documento de referencia que recolla o contido que deberán ter os estudos ambientais, o que permite aproveitar o camiño andado pola Administración, recollendo as esixencias que xa foron establecidas polos distintos órganos administrativos que informan na fase de consultas. Con esta regulación, preténdese avanzar mais na simplificación administrativa dos procedementos, garantindo a calidade dos estudos de avaliación ambiental. Na mesma liña de avanzar na simplificación administrativa aclárase que os proxectos con informe previo de non afección como son aqueles sometidos a unha adecuada avaliación das súas repercusións que contén co informe da Dirección Xeral de Patrimonio Natural, non necesitarán de autorización do órgano competente en materia de patrimonio natural. Por último, modifícase a referida Lei 9/2021, do 25 de febreiro, en coherencia coas modificacións operadas na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia coa finalidade de estender ao solo de uso residencial o réxime das solicitudes de licenza e comunicacións urbanísticas presentadas con certificación de conformidade emitida por unha entidade de certificación de conformidade municipal que, ata o momento solo era aplicable á realización de iniciativas empresariais.

Modifícase a Lei 11/2013, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2014, co fin de incentivar a implantación da recollida selectiva de materia orgánica no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia, mediante o establecemento dunha bonificación de ata un 15 % da contía do canon unitario de tratamento por tonelada de Sogama. Tamén se modifica o texto vixente para incluír como débeda vencida, líquida e exíxible a contía por todos os conceptos aplicables incluídos nas facturas emitidas por Sogama aos concellos ou ás mancomunidades no tratamento de residuos.

O capítulo III aborda distintas regulacións en materia de medio rural. Así, modifícase a Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais, no que atinxe á regulación do procedemento para a xestión da biomasa nas redes de faixas, establecendo o réxime aplicable no caso de que non se execute polas persoas responsables a obriga de xestión da biomasa no ámbito das redes de faixas de xestión de biomasa, incluída, no seu caso, a retirada de especies arbóreas, de tal modo que se manteña un control da carga de combustible para impedir o risco de incendios forestais e a súa propagación durante todo o ano. A redacción deste precepto axústase ao disposto no Acordo da Comisión Bilateral de Cooperación Administración Xeral do Estado-Comunidade Autónoma de Galicia en relación coa Lei 18/2021, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, publicado no Diario Oficial de Galicia mediante a correspondente resolución do 9 de setembro de 2022, da Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias.

Modifícase a Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia. Así, modifícanse diversos artigos co obxecto de dotar de maior claridade ao texto de axustar a súa literalidade ao disposto na Lei 43/2003, do 21 de novembro, de Montes, de carácter básico. Por outra banda, introdúcese modificacións para mellorar o procedemento de aprobación dos instrumentos de ordenación ou xestión forestal. Inclúense como suposto suxeito á obriga de declaración responsable previa ao seu inicio a adecuación a natureza do solo rústico de especial protección agropecuaria que teñan por finalidade a súa adecuación á natureza do solo ou ao catálogo de solos agropecuarios. Engádese a referencia ás reforestacións no artigo 129, para coordinar a súa redacción co disposto disposición transitoria novena da Lei 11/2021, do 14 de maio. Tamén se regula de forma expresa un prazo máximo para reparar o dano causado e a obriga de comunicarllo á administración, de tal forma que a resolución xurda maior eficacia e exista un mellor control do seu cumprimento, xa que a restauración do dano causado ao monte é un elemento esencial nos procedementos sancionadores, xa que a finalidade última destes é evitar os ditos danos e a súa perpetuación no terreo forestal. Tamén se regula a consideración da cesión ou mantemento do carbono almacenado nos montes como aproveitamento forestal e protección da integridade das comunidades de montes veciñais en man común; así mesmo prevese a posibilidade de que a Xunta de Galicia articule un sistema de créditos de carbono de carácter voluntario cun rexistro ao que se poderán inscribir aquelas persoas titulares dos dereitos derivados do aumento de carbono almacenado grazas as súas actividades. Este sistema basearase na xestión forestal sustentable e activa como ferramenta diferencial para secuestrar un número de toneladas de carbono adicionais fronte a aqueles bosques exentos de xestión forestal.

En consonancia coa modificación da Lei de montes de Galicia, modifícase o número 6 do artigo 12 do Decreto 52/2014, do 16 de abril, co obxecto de regular de forma clara os informes precisos para presentar a solicitude de aprobación dos instrumentos de ordenación ou de xestión forestal. Como novidade prevese a existencia dun informe de validación da documentación da persoa que vai presentar a solicitude. Esta modificación urxe para dotar de coherencia a normativa de desenvolvemento coa a Lei de montes de Galicia, xa que logo na modificación recollida no artigo 81.2 da dita lei, ligada á modificación do decreto, regúlase como unha actuación previa á presentación da documentación que debe ser validada pola Administración antes de iniciar o procedemento.

Modifícase a Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia. Por unha banda, elimínase a referencia ás permutas na regulación da reestruturación parcelaria, por razón de congruencia normativa, dado que en modificación anterior da Lei suprimíuse a figura da reestruturación parcelaria mediante permutas voluntarias. Adecúase a cualificación da infracción relativa ao abandono das terras consonte coa normativa agora vixente, isto é a Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia. Por outra banda, co fin de mellorar a coordinación entre os instrumentos de ordenación de usos agroforestais da Lei 4/2015 e a Lei 11/2021 Inclúese no Plan de ordenación de fincas de especial vocación agraria a elaboración dun catálogo parcial de solos agropecuarios e forestais. Trátase así mesmo de dar solución a aqueles procesos de reestruturación parcelaria que, unha vez levado a cabo o levantamento topográfico e a investigación da propiedade, o resultado leva á consideración de que a reestruturación non é o instrumento axeitado para actuar sobre o terreo incluído no seu perímetro, pero do que, ao mesmo tempo, se obtivo unha información tanto respecto das clases de terras, cultivos como titulares -resultante dos traballos realizados previamente- que poderían servir de base para implementar outras actuacións de recuperación da terra agraria de Galicia. Realízanse diversas modificacións coa finalidade de que cando remate o proceso de reestruturación parcelaria a documentación integrante dos títulos de propiedade resultantes del sexa o máis actualizada posible respecto da realidade do momento. Amplíanse as finalidades dos predios integrantes da masa común, comprendendo tamén os casos de corrección de erros ou outras circunstancias que deprecien de forma significativa ou fagan inutilizable un predio atribuído e non solicitado pola persoa interesada. Introdúcese unha modificación na tipificación da infracción moi grave prevista no artigo 90.1, a fin de garantir o cumprimento xeral dos plans de cultivos ou de ordenación de predios de especial vocación agraria en non só para o caso de que ese incumprimento se produza sobre terreos afectados polos compromisos adquiridos durante un período de dez anos.

Modifícase o Decreto 73/2020, do 24 de abril, polo que se regulan os aproveitamentos madeiros e leñosos, de cortiza, de pastos, micolóxicos e de resinas en montes ou terreos forestais de xestión privada na Comunidade Autónoma de Galicia. A regulación dun novo apartado g) no artigo 24.2 do Decreto 73/2020, do 24 de abril, urxe pola necesidade de adecuar a normativa de desenvolvemento á modificación que efectúa a Lei de medidas no artigo 92 bis.3 da Lei de montes de Galicia, que regula como novo suposto no que se esixe declaración responsable as cortas de arboredo a realizar en solo rústico de especial protección agropecuaria que teñan por

finalidade a súa adecuación á natureza do solo ou ao catálogo de solos agropecuarios. Esta previsión de declaracións responsables dotará de máis axilidade as cortas a efectuar nos solos para adecualos ao seu verdadeiro uso.

Modifícase a Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia. Así, facúltase ao Consello Reitor a proposta de Comisión Técnica de Prezos e Valores a fixar un prezo mínimo que se terá en conta para o prezo de referencia de Banco de Terras de Galicia, co obxecto de promover a iniciativa dos particulares na incorporación de predios ao Banco de Terras. Modifícase o artigo 21.1 coa finalidade de dar cumprimento ao Acordo da Comisión Bilateral de Cooperación Administración Xeral do Estado-Comunidade Autónoma de Galicia. Introdúcense diversas modificacións co obxecto de facilitar a comprensión do texto, dotalo dunha maior coherencia interna e corrixir determinados erros detectados no mesmo. Por outra banda, trátase de posibilitar a fixación dun umbro mínimo, co obxecto de poder facer fronte aos impagos daquelas rendas maior contía e sen deixar de promover a iniciativa dos particulares na incorporación de predios ao Banco de Terras e se inclúen os gastos notariais nas liñas de axuda para as permutas de especial interese agrario. Prevese que nos casos afectantes a zonas preferentes ou outras xustificadas que se declare a utilidade pública e interese social do polígono agroforestal inmediatamente despois da aprobación do acordo de inicio. Recóllese expresamente a esixencia de publicación da declaración de utilidade pública e interese social do polígono agroforestais, para dotala de publicidade e se regulan os seus efectos os seus efectos. Posibilítase a modificación do catálogo parcial na fase de proxecto de polígono agroforestal, momento no que se dispón de maior información técnica para determinar os usos finais do polígono. Incrementábase o contido dos estudos de viabilidade, ao permitir engadir nos contidos que se regulan para o proxecto básico do polígono, en aras de dotar de maior eficiencia a tramitación e recolle a obriga a súa exposición pública, co obxecto de que a cidadanía poida coñecer as actuacións que se practican. Regúlase a esixencia de que, no caso de que o estudo de viabilidade comprenda os contidos do proxecto básico do polígono agroforestal se cumpra un requisito dun mínimo de porcentaxe compromisos para a superficie. De non acadarse a dita porcentaxe mínima, resolverase o arquivo do expediente e a finalización do procedemento, dada a non conformidade. Con esta regulación pretende coñecerse desde un principio e necesaria conformidade das persoas titulares das parcelas e recabar os seus compromisos para asegurar a viabilidade da tramitación do procedemento de aprobación dos polígonos. Prevese a esixencia de declaración de utilidade pública e interese social do polígono só no caso de que non se tivera declarada con anterioridade conforme ao previsto no artigo 83.3 e concreta a forma que se emprega para a dita declaración, é dicir, engádese que a declaración de utilidade pública se realizará por decreto. Debido á similitude entre os traballos realizados nas bases dunha reestruturación parcelaria e no procedemento descrito no artigo 90 e, especialmente, a que ambos procesos teñen como obxectivo a investigación da titularidade das parcelas, considérase que aproveitar os resultados desta etapa da reestruturación parcelaria para o desenvolvemento de polígonos agroforestais permitirá unha maior eficiencia no uso dos recursos públicos. Exceptúanse da esixencia de nova exposición pública aquelas actuacións que xa foron expostas na fase de estudo de viabilidade e que non se modificaron. Recóllese a incorporación das parcelas ao Banco de terras ao inicio do procedemento co fin de facelo máis rápido e eficiente.

O capítulo IV aborda diversas medidas en materia de infraestruturas e Augas. Por un lado, modifícase a Lei 8/2013, do 28 de xuño, de Estradas de Galicia, na que se regulan os efectos da declaración de obras de emerxencia de forma similar a coma se recolle na lexislación estatal

Así mesmo, modifícase a Lei 6/1996, do 9 de xullo, de coordinación dos servizos de transporte urbanos e interurbanos por estrada de Galicia aos efectos de suprimir determinados artigos xa que ao longo dos últimos anos, Galicia dotouse de diferentes disposicións en materia de transporte de persoas por estrada. Así, as definicións do artigo 2 da Lei 6/1996, do 9 de xullo, de coordinación dos servizos de transporte urbanos e interurbanos por estrada de Galicia, quedou superada logo da entrada en vigor da Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación, polo que procede a derogación formal daquel precepto. No mesmo sentido, esta lei regula a tramitación a seguir para a autorización de novas paradas, o que afecta tanto aos ámbitos urbanos como non urbanos, sen que no marco do Plan de Transporte Público de Galicia teña sentido o mantemento de vixencia do procedemento que establecen os artigos 17 e 18 da Lei 6/1996, do 9 de xullo, preceptos que, por tales motivos, procede tamén derogar.

Por outro lado, modifícase a Disposición adicional segunda da Lei 18/2021, de 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, en relación as medidas aplicables aos supostos de alteración extraordinaria e imprevisible dos prezos dos materiais nos contratos de obra pública. Dita modificación ten por obxecto dar cumprimento ao Acordo da Comisión Bilateral de Cooperación Administración Xeral do Estado-Comunidade Autónoma de Galicia en relación coa Lei 18/2021, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas publicado pola Resolución do 9 de setembro de 2022, da Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias (DOG núm. 182 do 23 de setembro de 2022).

Por último, modifícase na Lei 9/2010, de 4 de novembro, de augas de Galicia, a definición de usos domésticos para que as vivendas en réxime de aluguer onde o titular da vivenda é unha sociedade cuxo obxecto social é a propia actividade de aluguer ou é unha institución (tipo IGVS) que aluga ou cede vivendas a persoas vulnerables (risco de exclusión social, mulleres maltratadas, etc.). Actualmente a definición de usos domésticos exclúe os consumos asociados a calquera actividade o que imposibilita ou, cando menos, dificulta considerar como doméstico a vivendas cuxa titularidade sexa dunha sociedade e que, polo tanto, os consumos alí efectuados están asociados á actividade de aluguer, o que o sitúa fóra do ámbito da definición de usos domésticos.

O capítulo V aborda distintas regulacións en materia de política social. En primeiro lugar, modifícase a Lei 10/2003, do 26 de decembro, sobre o acceso ao contorno das persoas con discapacidade acompañadas de cans de asistencia coa finalidade de crear a categoría de can de asistencia en formación á xa existente de can de asistencia co obxecto garantir plenamente o dereito de acceso aos lugares, establecementos e transportes das persoas con discapacidade que necesitan da axuda dun can de asistencia.

Modifícase tamén a Lei 6/2012 do 19 de xuño, de xuventude de Galicia coa finalidade de establecer a gratuidade dos carnés de servizos da xuventude.

Tamén se modifica a Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia, coa finalidade de incrementar as actuais contías da renda de inclusión social de Galicia (RISGA), configurada como unha prestación pública destinada a garantir recursos económicos de subsistencia a quen careza deles. A necesidade de facer fronte ás consecuencias derivadas do conflito internacional, que estamos a vivir, e que se traducen nunha crise económica ocasionada polo incremento de prezos das necesidades primarias, combustibles, electricidade e enerxía en xeral, fai que as actuais contías da RISGA sexan insuficientes, dada a inflación existente nestes momentos, e se estime conveniente incrementar as ditas contías para que as persoas e familias en situación ou risco de exclusión social poidan satisfacer axeitadamente as súas necesidades básicas de subsistencia. En concreto, procede incrementar as contías que compoñen o tramo básico persoal e familiar de tal xeito que permitan contrarrestar o efecto da suba do IPC. Así, por unha banda, increméntase o importe do ingreso mínimo, que pasa dun 75% do IPREM a un 78,20% do IPREM. Tamén se incrementa o importe dos complementos familiares, que suben do 14% ao 14,60% do IPREM no caso do primeiro ou primeira convivinte adicional, do 12% ao 12,50% do IPREM no caso do segunda ou segundo e do 10% ao 10,40% do IPREM no caso do terceiro ou terceira e sucesivos ou sucesivas.

En coherencia, procede incrementar tamén os límites máximos que se poden percibir neste tramo, de tal xeito que as unidades familiares con maior número de membros poidan beneficiarse do incremento da prestación.

Modifícase o Decreto 149/2013, do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo, coa finalidade de recoller o límite mínimo de idade para o acceso aos servizos de atención residencial a prestar en centros ou residencias de maiores e acadar así unha atención máis centrada nas necesidades das persoas, tendo en conta o principio de especialización dos servizos en función dos colectivos a atender así como o procura dunha homoxeneidade nas características etarias dos usuarios que den cumprida resposta as necesidades homoxéneas dos mesmos, como xa se recollía no seu día na Orde de 18 de abril de 1996. Por outra banda, as residencias de maiores non semellan a resposta asistencial máis axeitada as necesidades residenciais de adultos non maiores con problemas de saúde mental, e que son derivados dos servizos de saúde despois de ter recibido unha atención sanitaria inicial ou de urxencia nos centros sanitarios.

A urxencia da medida ven motivada pola necesidade de acadar unha homoxeneidade nas características etarias dos usuarios para poder dar unha resposta máis axeitada as necesidades dos mesmos, cunha asignación máis eficiente dos recursos engadindo un parágrafo final no artigo 5.2, no que se introduce unha idade mínima para o ingreso nas residencias de maiores. Con esta reforma dáse cumprimento ao principio de especialización dos servizos en función dos colectivos a atender.

Modifícase o Decreto 84/2012, do 10 de febreiro, polo que se establecen os prezos públicos polas prestacións das residencias de tempo libre coa finalidade de incluír descontos para

as familias monoparentais e acolledoras, configuradas na Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, como familias de especial consideración que requiren un tratamento máis favorable e unha especial consideración por parte dos poderes públicos. Trátase, neste momento, de establecer os correspondentes descontos nos prezos públicos establecidos para as estadias nas residencias de tempo libre, ao igual que as familias numerosas e vítimas de violencia de xénero, consideradas tamén familias de especial consideración. A situación económica actual, os grandes cambios que se produciron nas estruturas familiares e a necesidade de fomentar o acollemento familiar, xustifican a urxencia desta medida.

Modifícase o Decreto 14/2019, do 31 de xaneiro, de desenvolvemento da Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia, no relativo á tramitación da renda de inclusión social de Galicia e das axudas de inclusión social coa finalidade de adaptar as contías da renda de inclusión social de Galicia ás recollidas na Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia, na redacción dada pola presente lei. A urxencia de acometer esta última reforma ven motivada polo contexto socioeconómico actual, no cal se está a producir un importante incremento de prezos que fai que os importes actuais das axudas que se conceden non permitan cumprir axeitadamente cos obxectivos que perseguen, nomeadamente posibilitar ou reforzar os procesos de inclusión social das persoas solicitantes, así como atender gastos extraordinarios e urxentes en situacións de grave emerxencia que poidan desencadear un proceso de exclusión social “.

O capítulo VI, relativo ao emprego, prevé, en primeiro lugar a creación da Rede Xempre, como un instrumento de apoio ás políticas de emprego e de fomento do emprendemento vinculado ao territorio, desenvolvidas pola Xunta de Galicia. Esta rede estará integrada por todos os recursos de emprendemento e apoio ao emprego dos que dispoña a consellería competente en materia de emprendemento. Ademais, establécese a necesidade de colaboración e coordinación de todas aquelas persoas e perfís que, a través de axudas económicas e/ou subvencións da Xunta de Galicia, desenvolvan tarefas e actividades relacionadas con ela, co obxecto de aunar esforzos e actuar con unidade de criterio acadando unha maior efectividade de dita rede.

Por outra banda, para poder dar cumprimento a obriga de inscrición de oficio como demandantes de emprego ás persoas beneficiarias do ingreso mínimo vital maiores de 18 anos e menores de 65 que residen en Galicia nos termos impostos pola disposición adicional undécima da Lei 19/2021, do 20 de decembro, pola que se establece o ingreso mínimo vital, establécese que estas deberán facilitar determinada información, relativa a datos que non obran en poder da administración autonómica ou cuxa decisión corresponde ás persoas beneficiarias e que son imprescindibles para que o Servicio Público de Emprego de Galicia poda proceder ou non a súa inscrición, segundo corresponda.

Tamén se modifica a Lei 11/2007, do 27 de xullo para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, coa finalidade de incluír entre as formas de violencia de xénero a explotación sexual. En coherencia co anterior inclúense como potenciais beneficiarias da prestación periódica as mulleres vítimas de explotación sexual.



O capítulo VII refírese ao patrimonio cultural e contén a modificación da Lei 5/2016, do 4 de maio, do Patrimonio Cultural de Galicia, coa finalidade de dotala dunha maior coherencia. Así, precísase que a redución dos entornos de protección subsidiarios recollidos no artigo 38.3.c) serán de aplicación no caso de bens integrantes do patrimonio arquitectónico, acompañando a redacción deste apartado coa do apartado 2.d) do mesmo precepto. Por outra banda, se inclúen as valorizacións entre as actuacións autorizables en bens con protección ambiental. Este tipo de actuacións de baixa intensidade xa está recollida nos niveis máis altos de protección, como son os niveis de protección estrutural e ambiental, pero omitiuse nos de protección integral, o que se corrixe mediante a presente lei. Co obxectivo eliminar posibles dúbidas na aplicación da norma, claréxase que a prohibición de colocar publicidade ou carteis aplícase nos tramos non urbanos do ámbito delimitado do territorio histórico dos Camiños de Santiago. Tamén se corrixe a data de publicación no Diario Oficial de Galicia dos acordos recollidos na disposición adicional duodécima, relativa á Ruta Xacobeá do Mar de Arousa e Río Ulla e se suprime a disposición transitoria sexta, que deveu innecesaria a consecuencia da entrada en vigor do Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia, no que se delimitan as rutas ás que fai referencia esta disposición desaparecendo os supostos de aplicación do dito réxime transitorio.

O capítulo VIII aborda diversas medidas en materia de Sanidade. En primeiro lugar, modifícase a Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia en diversos aspectos. No marco do novo modelo de atención primaria galega recollido tanto no Plan galego de atención primaria 2019-2021 coma no Documento estratéxico “Por unha atención primaria vertebradora do sistema sanitario”, propónse una modificación da lei no eido do transporte sanitario. Esta modificación responde ao obxectivo de aumentar a capacidade resolutiva da atención primaria levando ao límite máximo das súas competencias ás categorías profesionais que exercen neste ámbito asistencial.

Tamén, contéplase a creación do Centro Galego para o Control e Prevención das Enfermidades, como órgano técnico especializado, responsable do asesoramento e coordinación das estratexias e políticas de saúde pública no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia e se regulan os seus obxectivos e funcións.

Así mesmo, modifícase a disposición transitoria única da Lei 8/2021, do 25 de febreiro, de modificación da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, en materia da competencia dos concellos nos procedementos sancionadores aos efectos de aclarar a regulación xa existente mantendo o designio orixinal da norma.

Por outra banda, modifícase a Lei 3/2019 de 2 de xullo, de ordenación farmacéutica de Galicia para que a atención poida ser realizada por “un/una farmacéutico/a dos centros asistenciais do Servizo Galego de Saúde para as entidades prestadoras de servizos sociais que formalicen acordos ou convenios de conformidade coa lei, consolidando a situación actual na que os farmacéuticos de atención primaria do Servizo Galego de Saúde prestan atención farmacéutica nos centros sociosanitarios, e posibilitando que a extensión do programa de Atención Farmacéutica nas Residencias Sociosanitarias de Galicia, poida seguir realizándose, facendo uso dos recursos

dispoñibles: un/unha farmacéutico/a dos centros asistenciais do Servizo Galego de Saúde, independentemente da súa categoría profesional.

Finalmente, contéplase una serie de medidas en materia de Fundacións de investigación biomédica ou sanitaria que xestionan a investigación dos centros e Institutos de investigación sanitaria de Galicia do Sistema público de Saúde de Galicia, tendo en conta tamén a recente Lei 17/2022, de 5 de setembro, pola que se modifica a Lei 14/2011, de 1 de xuño, da Ciencia, a Tecnoloxía e a Innovación na que se un novo pulo á carreira e o desenvolvemento profesional do persoal investigador e ao ámbito da investigación biomédica.

O capítulo IX aborda diversas medidas en materia de Industria. Así, modifícase a Lei 8/2009, de 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental.

Modifícase a disposición adicional sexta e a transitoria oitava para dar cumprimento ao Acordo da Comisión Bilateral de Cooperación Administración Xeral do Estado – Comunidade Autónoma de Galicia, en relación coa Lei 18/2021, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, e coa finalidade de clarificar a redacción de determinados aspectos da lei eólica, quedando patente que en ningún punto contradí a lexislación básica estatal.

Por outra parte, inclúese unha nova disposición adicional sétima para aclarar a situación dos expedientes que perdan o permiso de acceso e conexión como consecuencia do incumprimento dos fitos establecidos no Real Decreto-lei 23/2020, de 23 de xuño, polo que se aproban medidas en materia de enerxía e noutros ámbitos para a reactivación económica, aclarando que se poderán seguir tramitando os expedientes ata o momento inmediatamente anterior á autorización e que procederá a devolución dos avais depositados ante a Administración Autonómica.

Por outra banda modifícase, a Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais de Galicia co obxectivo de estender a figura da iniciativa empresarial prioritaria a todos os proxectos eólicos, con independencia da competencia estatal ou autonómica na súa tramitación. Establécense criterios de retorno local, ao engadir un suposto no que os proxectos eólicos teñan unha clara incidencia territorial e poidan ser declarados iniciativas empresariais prioritarias: cando a facturación do parque repercuta directamente nos concellos afectados. Igualmente, dada a redacción confusa que tiñan actualmente os preceptos modificados, con varios supostos que permiten cualificar un proxecto como iniciativa empresarial prioritaria, propónse unha estrutura máis comprensible dos diversos casos en que o proxecto eólico poderá ser considerado como tal.

Así mesmo, modifícase a disposición transitoria sétima co fin de aclarar o réxime transitorio para a aplicación das distancias a núcleos de poboación establecidas na disposición adicional quinta, cando as modificacións dos proxectos veñen derivadas de modificacións nas infraestruturas de conexión compartidas entre varios promotores.

E finalmente, modifícase a Lei 7/2017, do 14 de decembro, de medidas da eficiencia enerxética e garantía de accesibilidade á enerxía eléctrica. O obxecto da citada modificación é simplificar as axudas aos consumidores vulnerables severos en risco de exclusión social e outorgalas de forma directa, sen necesidade de solicitude previa nin da colaboración das empresas comercializadoras.

O capítulo X recolle as regulacións relativas en materia de consumo e comercio, modificando tres leis. En primeiro lugar, modifícase a Lei 11/2004, do 19 de novembro, de inspección de consumo de Galicia, para adaptala ás actuacións realizadas no marco do mercado en liña. Complétase tamén a definición de dilixencias recollendo expresamente a posibilidade de incluír nelas o contido de páxinas web ou informacións ou comunicacións realizadas por calquera medio incluído na internet.

En segundo lugar, modifícase a Lei 13/2010, do 17 de decembro, de comercio interior de Galicia, coa finalidade de regular o prazo de realización dos proxectos de instalación de establecementos comerciais, que non poderá ter unha duración superior a catro anos.

En terceiro lugar, modifícase a Lei 2/2012, do 28 de marzo, galega de protección xeral das persoas consumidoras e usuarias coa finalidade de clarexar cando se dan determinados supostos previstos na dita norma aos efectos da aplicación desta, o que redundará nunha maior seguridade xurídica. Por outra banda, en coherencia co disposto no Regulamento (UE) 2019/1020 do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de xuño de 2019, relativo á vixilancia do mercado e a conformidade dos produtos e polo que se modifican a Directiva 2004/42/CE e os Regulamentos (CE) nº 765/2008 y (UE) nº 305/2011, recóllese expresamente que a administración competente en materia de consumo poderá reclamar ao operador económico a totalidade dos custos derivados do control da vixilancia do mercado en caso de incumprimento, regulándose ademais o réxime aplicable para a súa exixencia.

Sen prexuízo do anterior, a maior parte das modificacións realizadas Lei 2/2012, do 28 de marzo, atinxen á regulación do réxime sancionador e teñen por obxecto a adaptación da referida lei ás modificacións introducidas en materia sancionadora no texto refundido da Lei Xeral para a Defensa dos Consumidores e Usuarios e outras leis complementarias, aprobado polo Real Decreto Legislativo 1/2007, de 16 de novembro, polo Real Decreto Lei 24/2021, do 2 de novembro, de transposición de directivas da Unión Europea nas materias de bonos garantidos, distribución transfronteiriza de organismos de investimento colectivo, datos abertos e reutilización da información do sector público, exercicio de dereitos de autor e dereitos afíns aplicables a determinadas transmisións en liña e ás retransmisións de programas de radio e televisión, exencións temporais a determinadas importacións e subministracións, de persoas consumidoras e para a promoción de vehículos de transporte por estrada limpos e enerxéticamente eficientes, tendo en conta o establecido no Acordo da Comisión Bilateral de Cooperación Administración Xeral do Estado- Comunidade Autónoma de Galicia en relación co Real decreto lei 24/2021, do 2 de novembro, antes citado, que foi obxecto de publicación no Diario Oficial de Galicia (DOG

Núm. 178, de data 19 de setembro de 2022) mediante a correspondente Resolución do 29 de agosto de 2022, da Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias.

O capítulo XI recolle as medidas en materia de Innovación contemplando para iso unha modificación na Lei 5/2013, do 30 de maio, de fomento da investigación e da innovación de Galicia. A modificación pretende contemplar na normativa autonómica a recente figura dos Bancos de probas regulatorios, regulados na recente Lei 17/2022, de 5 de setembro, pola que se modifica a Lei 14/2011, de 1 de xuño, da Ciencia, a Tecnoloxía e a Innovación.

O capítulo XII aborda diversas medidas en materia de Procedemento e organización administrativa.

De esta forma, modifícase a Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, coa finalidade de que os entes públicos instrumentais poidan adaptar a través dos correspondentes decretos de estrutura orgánica as adscricións iniciais previstas nas súas normas de creación.

Así mesmo, na Lei 4/2016, do 4 de ordenación da asistencia xurídica da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e do seu sector público, modifícase o rango orgánico da Aesoría Xurídica Xeral e adapta todo o articulado a tal modificación.

Por outra banda, incorporase na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, unha nova disposición adicional co obxecto de establecer que as competencias dixitais no sistema educativo galego lle corresponden a consellería con competencias en materia de educación, tanto para o persoal docente de acordo co seu marco específico de referencias de competencia dixital docente, como para o alumnado. Con esta modificación outórgase á consellería competente en materia de educación a competencia sobre a avaliación, recoñecemento e rexistro das competencias dixitais no ámbito do sistema educativo galego, non só no relativo á competencia dixital docente no marco do Acordo do 23 de xuño de 2022 da Conferencia Sectorial de Educación sobre certificación, acreditación e o recoñecemento da competencia dixital docente, publicado por Resolución do 1 de xullo de 2022, da Dirección Xeral de Avaliación e Cooperación Territorial (BOE núm. 166, do 12 de xullo), senón tamén con respecto ao alumnado, xa que a competencia dixital é unha das competencias educativas clave na formación regrada.

Así mesmo, modifícase a Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia. O fin que se persegue con esta modificación é adaptar os cargos das persoas titulares da Comisión para a planificación e impulso de proxectos a financiar polo instrumento Next Generation EU aos cambios da estrutura orgánica da Xunta de Galicia como consecuencia da entrada en vigor do Decreto 58/2022, de 15 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, do Decreto 73/2022, do 25 de maio, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia e polo Decreto 113/2022, do 16 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Facenda e Administración pública.

Neste capítulo tamén se modifica a Lei 6/1995, do 28 de xuño, pola que se crea o Consello Económico e Social de Galicia, motivada pola necesidade de establecer na citada lei determinadas compensacións económicas que perciben as organizacións presentes no Consello Económico e Social de Galicia polos gastos en que incorran no desenvolvemento das actividades realizadas con motivo da súa participación. Igualmente, é preciso clarificar o feito da súa incompatibilidade coas compensacións económicas recollidas na Lei 17/2008, do 29 de decembro, de participación institucional das organizacións sindicais e empresariais máis representativas de Galicia, para os efectos de evitarlles un pagamento duplicado ás devanditas organizacións.

Abórdase unha modificación do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, que responde á necesidade da simplificación dos procedementos de tramitación de bases reguladoras de axudas públicas. Por conseguinte, busca a axilización dos procedementos de control interno da xestión económica e financeira do sector público mediante o exercicio da función interventora, o control financeiro permanente e a auditoría pública.

Por último, en materia de xestión recadatoria, establécese a asunción progresiva das funcións de recadación en período executivo por parte da Axencia Tributaria de Galicia desempeñadas ata o momento polas zonas de recadación reguladas no artigo 46 da Lei 11/1996, do 30 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 1997. Esa asunción producirase a medida que os titulares das zonas se xubilen ou cesen por algunha das causas previstas na súa normativa, e en todo caso a partir do 1 de xaneiro de 2026. Esta medida provocará maior eficiencia nas funcións de recadación das débedas en período executivo, xa que diminuirán os actuais custos de xestión e aumentarán os ingresos tributarios provocado polas sinerxías da xestión centralizada dos expedientes, tales como a aplicación de modernas técnicas informáticas e de intelixencia artificial, o uso de programas informáticos centralizados que realizan tarefas de forma automatizada e o acceso global á información tributaria.

Modifícase tamén o Decreto 202/2012, do 18 de outubro, polo que se crea a Axencia Tributaria de Galicia e se aproba o seu estatuto. O obxecto da modificación é adecuar as funcións dos órganos da área de xestión tributaria como consecuencia da asunción, a partir do 1 de xaneiro de 2023, do imposto estatal sobre o depósito de residuos en entulleiras, a incineración e a co-incineración de residuos. Ademais, derivado da asunción paulatina da recadación en período executivo levada a cabo nas zonas de recadación, modifícanse as funcións do Departamento de Control Tributario, dependente da área de Inspección Tributaria, e a estrutura organizativa da área de recadación para crear un novo departamento. Por último, redistribúense as funcións que corresponden aos departamentos da área de colaboración social, información e asistencia. Así mesmo, inclúense modificacións que precisan a natureza xurídica das bases reguladoras e das convocatorias de subvencións, e acláranse os supostos en que cabe prescindir da consulta pública previa no procedemento de elaboración de disposicións administrativas de carácter xeral.

Finalmente, o capítulo XIII recolle unha serie de medidas en materia de réxime financeiro e orzamentario que se concretan na modificación do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro,

polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, por una banda, para os efectos de eliminar a restrición do carácter ampliable dos créditos nos supostos de sinistros e catástrofes aos gastos en bens correntes e servizos e de ampliála aos gastos de capital. E, por outra banda, modifícase o réxime de contabilización de recursos cando estes se vinculen á súa execución e non á súa certificación. Faíse posible regular o principio de neutralidade no emprego dos fondos europeos nos casos en que así estea previsto.

E por último, modifícase o réxime de contabilización dos ingresos que a final de ano están no período voluntario para realizar o ingreso. Mantense a súa imputación ao exercicio no que se contabilizaron orixinariamente e modifícase o criterio de anulación de dereitos pendentes ao peche do exercicio.

A parte final da lei está composta por oito disposicións adicionais, seis disposicións transitorias, unha disposición derogatoria única e catro disposicións derradeiras.

A disposición adicional primeira recolle unha serie de medidas especiais en materia de listas de contratación de persoal laboral temporal ou de persoal funcionario interino durante o ano 2023 cuxa finalidade responde á necesidade de contar con maior número de integrantes nas listas de contratación temporal do Decreto 37/2006 nas categorías profesionais que prestan servizos esenciais en centros residenciais de Política Social ou en centros educativos, así como axilizar a propia xestión das listas de contratación temporal.

A disposición adicional segunda, relativa aos documentos de referencia, establece un prazo de tres meses dende a entrada en vigor desta lei, e de conformidade co disposto no número 3 do artigo 36.bis da Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia, para que o órgano ambiental elabore para os grupos de proxectos que se contemplan nos anexos I e II da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, os documentos de referencia dos parques eólicos así como dos demais grupos de proxectos dos que xa se emitiran documentos de alcance ou xa se realizara a avaliación ambiental aínda que, no caso destes últimos, non se tivese determinado o alcance do estudo de impacto ambiental.

A disposición adicional terceira regula a adaptación do convenio do sistema público de xestión da biomasa nas faixas secundarias, que se promoverá pola consellería competente en materia forestal.

A disposición adicional cuarta prevé un prazo de 18 meses para a aprobación do correspondente Plan municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais por parte dos concellos que non o teñan.

A disposición adicional quinta habilita a administración autonómica a promover a refundición da normativa vixente en materia de transporte por estradas.

A disposición adicional sexta contempla como consecuencia da modificación prevista no artigo 80.2 do Decreto Legislativo 1/1999 do 7 de outubro polo que se aproba o Texto refundido

da Lei de Réxime Financeiro e orzamentario de Galicia un réxime de rexistro contable para os dereitos dados de baixa ao peche do exercicio orzamentario 2022 e a súa inclusión nas contas do exercicio 2023

A disposición adicional sétima contempla baixo o título de perda en redes de abastecemento un réxime particular posto que a modificación da recentemente aprobada lei de mellora do ciclo integral da auga implica o inicio do cobramento do canon da auga asociado ás perdas nas redes de abastecemento o 1 de xaneiro de 2023. Se ben esta aplicación xa veu anunciada na Lei 9/2019, de 11 de decembro, de medidas de garantía do abastecemento en episodios de seca e en situacións de risco sanitario, o período transitorio de dous anos demostrou ser insuficiente para conseguir que as administracións implicadas sitúen as súas perdas por debaixo do limiar do 20% e, por conseguinte, implicará que moitos concellos e, singularmente, os de menor tamaño veñan obrigados ao pagamento polas perdas desde o 1 de xaneiro de 2023. Por todo elo, e dado que o obxectivo de gravar as perdas naceu cunha finalidade incentivadora de reducir esas perdas máis que cunha finalidade recadatoria, considérase adecuado retrasar a obriga de pagar polas perdas se ben condicionado á efectiva adopción de medidas para a súa redución mediante a acreditación da aprobación ou, no seu caso, inminente aprobación, do Plan de actuacións para minimizar as perdas de acordo coa Disposición adicional segunda da citada Lei 9/2019, así como da dispoñibilidade de contadores nos puntos de entrada de auga ao sistema de abastecemento tal e como así obrigaba a Disposición Adicional 3ª da citada Lei, co que esta exención temporal terá un carácter claramente incentivador da aprobación dos citados plans.

Inclúese, así mesmo, na disposición adicional oitava a regulación da ampliación do prazo para a posta en marcha das emisións e pagamento da taxa do servizo de comunicación audiovisual de televisión correspondente ás adxudicacións transformadas en licenzas e establecemento dun prazo de igual período para as licenzas outorgadas mediante Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 26 de decembro de 2014.

A disposición transitoria primeira ten por obxecto establecer o réxime aplicable ás previsións desta lei en canto á restitución ou reposición da legalidade por infraccións reguladas na normativa en materia de costas cometidas na zona de servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre.

A disposición transitoria segunda determina o procedemento de tramitación dos instrumentos de planificación de espazos naturais protexidos xa declarados ao abeiro da Lei 9/2001, do 21 de agosto, de conservación da natureza, que carezan dos citados instrumentos de planificación e que non iniciaran a súa tramitación con anterioridade á data de entrada en vigor desta lei.

A disposición transitoria terceira prevé que as comunicacións e apercebimentos realizados antes da entrada en vigor desta lei, con base aos números 2 e 3 do artigo 22 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, na súa redacción vixente á entrada en vigor desta disposición, habilitarán á administración competente para proceder á

realización das actuacións materiais de execución subsidiaria dentro dos catro anos posteriores á súa realización.

A disposición transitoria cuarta prevé o réxime aplicable aos proxectos de instalación dos establecementos comerciais que contén cunha autorización comercial autonómica vixente e que á entrada en vigor desta lei non tiveran iniciada a actividade comercial, aos cales se lles aplicará o prazo máximo de catro anos establecido para a execución do proxecto.

Finalmente, a disposición transitoria quinta determina o réxime de aplicación para exercicio da potestade sancionadora en materia de consumo.

A disposición transitoria sexta establece o réxime aplicable aos criterios de cálculo do valor das obras e instalacións para a determinación das taxas por utilización privativa, ocupación ou aproveitamento especial do dominio público portuario da Comunidade Autónoma de Galicia.

A lei prevé, na disposición derogatoria única, a derogación das disposicións de igual ou inferior rango que se opoñan ao previsto nela.

A disposición derradeira primeira recolle unha cláusula de salvagarda do rengo regulamentario aplicable aos decretos modificados a través desta lei.

A disposición derradeira segunda modifica as referencias á licenza de primeira ocupación contidas na lei 8/2012, do 29 de xuño de vivenda de Galicia, que se entenderán feitas ás comunicación previa.

A disposición derradeira terceira habilita ao Consello da Xunta para ditar as disposicións necesarias para o desenvolvemento desta lei e a disposición derradeira cuarta establece a entrada en vigor desta o 1 de xaneiro de 2023, agás os artigos 1 e 2 que entrarán en vigor o 1 de xaneiro de 2022.